

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP Plurilingüe e ABALAR Nº2  
CURSO: 1º Educación Primaria  
DATA: 11 de mayo de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Xustificación
2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
3. Avaliación e cualificación.
4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
5. Información e publicidade.

## 1. Xustificación

Segundo o establecido nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, presentamos este documento no que os tiores do 1º nivel do centro adaptamos aqueles elementos que se establecen nas citadas Instrucións en relación coa nosa programación (presentada no mes de outubro de 2019) para o terceiro trimestre do curso 2019/2020.

A partir do que se estableceu na programación de nivel do curso 2019/2020 e da liña que se seguiu ao longo dos dous primeiros trimestres en canto aos contidos traballados e en consecuencia os criterios e estándares avaliados, decidiuse facer a adaptación do seguinte xeito:

- No presente documento recolleamos aqueles criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe (relacionados coas súas competencias) que non se traballaron dada a situación e que quedan pendentes para o curso 2020-2021; entendendo que á hora de avaliar ao alumnado no terceiro trimestre e de propor as tarefas faise e farase tendo en conta os criterios e estándares xa recollidos na primeira e segunda avaliación.
- Os mínimos esixibles que non se terán en conta para promocionar de curso.
- A adaptación dos criterios de avaliación e da metodoloxía de traballo dada a situación excepcional que estamos a vivir.

Decidiuse facer así posto que primeiro é un nivel no que ao longo de todo el estanse repetindo e reforzando os diferentes contidos de xeito continuo; é por iso que consideramos que queda máis comprensible indicar aqueles que non se valorarán, do contrario case non se percibiría. De este xeito consideramos que se facilitará á adaptación da programación do seguinte curso 2020-2021.

## 2. Estándares de aprendizaxe e competencias pendentes de avaliar.

Tal e como se explicou no punto 1 a continuación recóllense aqueles criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe das áreas de Lingua Galega e Literatura, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas que quedan pendentes de avaliar debido á situación excepcional que vivimos.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<b>Bloque 3. Comunicación escrita: escribir</b>	
<b>B3.1.</b> Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	<b>LGB3.1.2.</b> Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. (CCL, CAA, CSIEE)  <b>LGB3.1.5.</b> Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia. (CCL, CAA, CSIEE)

<p><b>B3.2.</b> Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).</p>	<p><b>LGB3.2.1.</b> Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). (CCL, CAA)</p>
<p><b>Bloque 5: Educación literaria</b></p>	
<p><b>B5.1.</b> Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.</p>	<p><b>LGB5.1.1.</b> Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. (CCL, CAA, CCEC)</p> <p><b>LGB5.1.2.</b> Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. (CCL, CCEC)</p>
<p><b>B5.4.</b> Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p><b>LGB5.4.1.</b> Valora a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. (CCL, CSC, CCEC)</p>

ÁREA DE CIENCIA DA NATUREZA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<b>Bloque 1. Iniciación á actividade científica.</b>	
<b>B1.1.</b> Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	<b>CNB1.1.1.</b> Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. (CAA, CCL, CMCCT, CSIEE, CCEC, CD)
<b>Bloque 3. Os seres vivos.</b>	
<b>B3.2.</b> Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	<b>CNB3.2.1.</b> Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes. (CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CD)
<b>Bloque 4. Materia e enerxía.</b>	
<b>B4.2.</b> Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	<b>CNB4.2.1.</b> Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotiá. (CMCCT)

### Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

**B5.1.** Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.

**CNB5.1.1.** Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas. (CMCCT, CSC, CCL)

**CNB5.1.2.** Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas. (CMCCT, CSC, CSIEE)

## ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

#### Bloque 1. Contidos comúns

**B1.1.** Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.

**CSB1.1.1.** Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. (CAA, CCL, CD, CMCCT).

**B1.3.** Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.

**CSB1.3.1.** Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. (CAA)

**B1.4.** Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.

**CSB1.4.1.** Identifica a terminoloxía propia da área. (CCL, CMCCT, CSC)



## Bloque 2. O mundo que nos rodea.

**B2.5.** Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación co tempo dos xornais.

**CSB2.5.1.** Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local. (CMCCT, CAA)

**B2.7.** Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.

**CSB2.7.1.** Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite. (CMCCT, CAA)

**B2.8.** Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.

**CSB2.8.1.** Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima. (CMCCT, CAA)

## Bloque 4. As pegadas do tempo.

**B4.1.** Ordenar temporalmente a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades de medida temporais básicas.

**CSB4.1.1.** Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas. (CSC, CAA, CCL)

## ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

#### Bloque 4. Coñecemento da lingua.

**B4.2.** Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.

**LCB4.2.3.** Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos. (CCL)

**B4.3.** Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.

**LCB4.3.1.** Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos. (CCL)

**B4.6.** Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada

**LCB4.6.1.** Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. (CCL, CSC)

### Bloque 5. Educación literaria.

**B5.4.** Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas

**LCB5.4.1.** Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados. (CCL, CAA, CCEC)

## ÁREA DE MATEMÁTICAS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

#### Bloque 2. Números.

**B2.4.** Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

**MTB2.4.2.** Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. (CMCT, CAA, CSIEE)

#### Bloque 3. Medida.

**B3.4.** Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.

**MTB3.4.1.** Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano. (CMCT)

**MTB3.4.2.** Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora. (CMCT)

**B3.5.** Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.

**MTB3.5.1.** Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas

	tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. (CMCT, CAA)
<b>Bloque 5. Estatística e probabilidade</b>	
<b>B5.1.</b> Recoller e rexistrar información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	<b>MTB5.1.1.</b> Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas. (CMCT, CAA).

### 3. Avaliación e cualificación

En función da situación que se presentou a partires do 13 de marzo, segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, a avaliación e cualificación do 3º trimestre do curso 2019-2020 adaptarase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.

Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación terase en conta excluír as aprendizaxes e competencias que non se impartiron e que aparecen especificado no punto 2 do presente documento, quedando do seguinte xeito:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS
Valoración dos contidos e competencias adquiridos ou desenvolvidos na unidade.	0%	Queda en suspenso ao non desenvólense novos aprendizaxes avaliábeis, e polo tanto limitarse a completar/complementar as competencias traballadas previamente.
Valoración de contidos e competencias traballados con anterioridade e reforzados no período.	20% (1) <sup>1</sup>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Rúbricas.</li><li>• Valoración das tarefas propostas en función do indicado en (2)<sup>2</sup> e (3)<sup>3</sup></li></ul>

<sup>1</sup> (1) Aplicarase exclusivamente a aquel alumnado con necesidade de RE rexistrado nas avaliacións anteriores.

<sup>2</sup> (2) Terase en conta a dispoñibilidade polas familias dos distintos medios de reprodución e impresión dos materiais propostos/suxeridos.

<sup>3</sup> (3) En función das limitacións de conexión identificadas.

Realización do traballo no propio domicilio.	<b>80%-90%</b> (2)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Libros de texto</li> <li>• Cadernos</li> <li>• Fichas</li> <li>• Traballos noutros formatos</li> </ul>
Desenvolvemento nas sesións en liña que se propoñan: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación e actitude.</li> <li>• Realización das actividades.</li> </ul>	<b>0-10%</b> (3)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rúbricas</li> <li>• Valoración das intervencións e actitude.</li> </ul>
Materiais aportados de xeito presencial unha vez rematadas as restricións de mobilidade de mestres e familias.	<b>10%</b> (4) <sup>4</sup>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración da corrección das tarefas.</li> </ul>

Por último, é preciso especificar que a avaliación final das aprendizaxes do alumnado de 1º durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, exceptuando o desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias previamente definidos.

---

<sup>4</sup> (4) De darse o caso, incrementará o resto das valoracións ponderadas á situación individual. De darse o caso previsto en (1) e (2), incrementarase proporcionalmente ese apartado.

#### **4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

Segundo o establecido nas Instrucións do 27 de abril de 2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes ca traballados nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

Desde o pasado 13 de marzo, o obxectivo principal para nós foi que os nosos alumnos e alumnas de primeiro se mantiveran incorporados á aprendizaxe continua suscitando o seu interese por aprender de modo non presencial, subíndolles vídeos dirixidos a eles, gravándolles mensaxes, propoñéndolles diferentes tipos de actividades, retos, propostas tarefas interactivas, clases online onde se desenvolven actividades máis lúdicas, en relación coas emocións... cousas que saíran da rutina que estaban a vivir na casa e que lles axudara en todo momento a mantelos motivados, a motivación, ese foi e esta a ser o noso gran reto neste momento.

Tívoise especialmente en conta a identificación daquel alumnado que puidese estar desconectado por diversas circunstancias ou non localizable dando conta ao equipo directivo e buscando a maneira de atopar una solución ante as situacións atopadas.

Ante o exposto é preciso puntualizar que a etapa de Educación Primaria e unha etapa cíclica na que constantemente vanse ampliando e reforzando os contidos traballados nos cursos anteriores. Estamos no primeiro nivel da etapa e o curso que ven a meirande parte dos contidos pendentes de traballar e que traballaran de xeito non presencial este trimestre, volveranse traballar en segundo.

Polo tanto, tendo en conta o apartado, dividirémolo en tres aspectos esenciais:

- **Actividades**

Nas áreas de Matemáticas e Lingua Galega e Literatura seguirase avanzando co libro malia que os contidos non van a ser avaliábeis. Ademais proporanse actividades de reforzo dos contidos dos trimestres anteriores tanto en formato papel coma dixital. Na Área de Lingua Castelá proporanse actividades de reforzo dos contidos traballados e ampliación tanto en



formato papel coma dixital. En relación coas Áreas de Sociais e de Ciencias da Natureza propóranse tarefas globalizadas tendo en conta as circunstancias que estamos a vivir. Por último en Valores Sociais e Cívico traballárase en torno ás emocións, facéndoo extensible a todo o grupo, posto que consideramos é un aspecto esencial nestes momentos.

Algunhas actividades que se propón tanto en formato papel coma dixital son: contos, adiviñas, práctica da escrita, debuxos, ditados de números e frases, lecturas e actividades de comprensión lectora, ordenar frases, cálculo, cálculo mental, resolución de problemas, copiados, ditados de palabras, completar coa palabra correcta, xogos didácticos a través das clases virtuais, xogos interactivos... todas elas adaptadas ás características de cada alumno. Debido á situación que estamos vivindo faise máis doado poder ter unha atención moito máis personalizada con aqueles alumnos que presentan máis dificultades e podémolos axudar dunha forma máis individualizada e directa.

Polo tanto durante este terceiro trimestre desenvolveranse actividades de repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores. Na medida do posible deseñáranse actividades globalizadas e interdisciplinarias.

- **Metodoloxía**

Malia a situación na que estamos, a nosa acción educativa segue procurando a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, tendo en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo neste caso aínda máis, a capacidade de aprender por si mesmo.

Continuamos a promover e fomentar o hábito da lectura desde a casa, enviando propostas na que o alumnado deba practicar esta lectura, motivándoos a ler e enviar as súas gravacións, elaborando un verme lector da corentena...

Centrámonos en aprendizaxes funcionais, fomentando a motivación do alumnado e asentado nun traballo multidisciplinar. Converteremos as casas do noso alumnado en laboratorios de aprendizaxe, potenciando a resolución de tarefas cotiás, en contextos reais, prácticas que se lle plantexan e plantexarán no día a día.

O uso das TIC cobra máis importancia que nunca na nosa programación, posto que este será o instrumento facilitador para o desenvolvemento das tarefas que propoñamos. Aínda que

deberemos ter en conta a posta en marcha de estratexias e mecanismos para facilitarlle esas tarefas a aquel alumnado sen conectividade a través de outras canles.

- **Materiais e recursos**

Por último, tal e como se dita nas *Instrucións do 27 de abril*, os centros contarán con recursos formativos e medios de apoio que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pon á súa disposición para permitir que o profesorado desenvolva o seu labor docente nas mellores condicións posibles na situación actual.

Con todo ao longo do terceiro trimestre no nivel de primeiro traballamos a partir da aula virtual do centro onde se colgan semanalmente as distintas propostas de tarefas para que o alumnado desenvolva en relación coas diferentes áreas; ademais tamén se emprega a aplicación Webex facilitada pola Consellería para realizar as videoconferencias co noso alumnado e tamén empregamos materiais didácticos para levar a cabo algunhas das actividades en esas sesións, vídeos coa explicación dos contidos a traballar, lecturas en voz alta, vídeos onde se propoñen retos ao alumnado para manter esa motivación, fichas interactivas, etcétera.

## 5. Información e publicidade

Coa finalidade de axudar ao alumnado, no noso caso dada a idade destes, as familias, a organizar as actividades escolares dos seus fillos e fillas, autorregular a súa aprendizaxe e axudarlles a manter un bo estado emocional, os titores de primeiro adaptamos o modelo de titorías á nova situación empregando canles coma o correo electrónico, o teléfono, dispositivos móbiles, plataformas web, e videoconferencias a través de Webex adaptándonos a situación de cada familia e intentando ter un contacto mínimo de xeito semanal con estas para asegurarnos de que o alumnado esta a seguir coas indicacións e atendendo ás posibles dificultades que poidan presentar.

Por último, segundo as *Instrucións do 27 de abril de 2020*, a información básica da adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-2020, foi elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

E por iso que este documento unha vez remitido á dirección do noso centro será publicado na páxina web de este nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa e de garantir a súa publicidade, seguindo o procedemento establecido no centro. Así mesmo, coma titores informaremos as nosas familias sobre o contido do documento e facilitarémolles e aclararémolles calquera dúbida que puidesen presentar a través dalgún dos canles de comunicación enriba expostos.